

Visto o escrito presentado por Antonio Javier Prado Domínguez, no que solicita a renuncia a formar parte da comisión de selección da praza de profesor/a asociado/a, núm. 24/5008, na Área de coñecemento de Fundamentos da Análise Económica, e considerando que:

#### Feitos

**Primeiro.** A solicitude foi presentada de acordo cos prazos establecidos e cumpre cos requisitos formais.

**Segundo.** Achegáronse os documentos pertinentes que xustifican a solicitude, incluíndo un informe médico que apoia a situación de saúde do solicitante.

**Terceiro.** A normativa vixente permite a renuncia a formar parte da comisión de selección por causas xustificadas.

#### Consideracións legais e técnicas

**Primeiro.** Os apartados 6.4 e 6.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014), establece o procedemento para a substitución dos membros das comisións de selección que, por causa xustificada e así apreciada polo reitor, non poidan actuar como membros da comisión..

**Segundo..** No presente caso as causas alegadas xustifican a substitución do secretario da comisión de selección.

**Terceiro.** Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto de la Xunta de Galicia 101/2004, del 13 de malo, (DOG del 26)

#### Polo exposto, **Resólvese:**

Admitir a renuncia de Antonio Javier Prado Domínguez a formar parte da comisión de selección para a praza de profesor/a asociado/a na Área de coñecemento de Fundamentos da Análise Económica.

Dispoñer a substitución, para a comisión da praza indicada, de Antonio Javier Prado Domínguez por Manuel Alberto Gómez Suárez. Notificar esta resolución aos membros da comisión.

Publicar esta resolución no taboleiro electrónico da universidade.

Notificar esta resolución á persoa substituída e ao substituto e ao resto dos membros da comisión.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer demanda ante o Xulgado do Social que resulte competente conforme ao establecido nos artigos 6, 10 e 69 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, na data da sinatura dixital

O reitor, PD: A vicerreitora de Profesorado [RR 10.07.2024]

Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	xdXUQLxiyPgzw+ZIQ1EM3g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	18/11/2024 09:50:27
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/xdXUQLxiyPgzw+ZIQ1EM3g==">https://sede.udc.gal/services/validation/xdXUQLxiyPgzw+ZIQ1EM3g==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

